

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES PINO MANSO  
CURSO: 1º a 4º ESO  
MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA  
DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ  
DATA: 08/04/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## 1. Criterios sobre a avaliación e cualificación

De acordo coa devandita *Orde do 25 de xaneiro de 2022*, non haberá na ESO convocatoria extraordinaria, senon unha 3ª avaliación e unha avaliación final.

O alumnado da ESO que, rematada a 3ª avaliación, non acade o 5 no curso de acordo cos criterios xa establecidos na Programación didáctica (véxase o epígrafe “Criterios sobre a avaliación, calificación e promoción do alumnado”), e, polo tanto, non teña superada a materia, fará, antes da avaliación final:

- un caderniño de actividades, que computará un 10%.
- unha proba de recuperación, que computará un 50%.
- o 40% restante extraeráse das calificacións que o alumno/a obtivo ao longo do curso en todas aquelas actividades que non pertencían ao 60% de probas.

O alumnado que non acade o 5 nesta avaliación final terá a materia suspensa, e, en caso de promocionar, figurará como materia pendente o próximo curso.

## 2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)

Durante o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final desenvolveráanse actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.

As actividades de apoio, reforzo e recuperación centraránse nos estándares mínimos fixados na programación e traballados durante o curso. En cada nivel prepararase un caderniño de actividades que atenda a estes estándares mínimos e que conteña exercicios que sirvan de preparación para a proba de recuperación, que será de carácter escrito e sobre estándares mínimos. Dito caderniño entregarase en soporte papel, pero estará dispoñible tamén na aula EDIXGAL. As familias serán informadas mediante ABALAR da existencia deste caderniño e da súa dispoñibilidade en EDIXGAL. O alumnado coa materia suspensa adicará as sesións de clase á realización destas tarefas coa axuda e guía do profesor/a, así como ao plantexamento e a resolución de dúbidas. Se o considera adecuado, o profesor/a poderá establecer outras actividades ou exercicios ademais dos formulados no caderniño, de cara á atención aos contidos cos que o alumnado teña máis dificultades. Ditas actividades estarán dispoñibles tamén en EDIXGAL.

As actividades de ampliación adicaránse a profundizar nalgúns dos contidos traballados durante o curso ou a abordalos dende unha metodoloxía que fomente a autonomía na aprendizaxe e a creatividade por parte do alumnado. Estas actividades de ampliación serán avaliadas e poderán sumar ata un máximo de 0,5 puntos na nota da avaliación final.

**ALUMNADO CON *LINGUA CASTELÁ E LITERATURA* PENDENTE (1º A 4º DE ESO)**

O alumno/a con Lingua Castelá e Literatura pendente nalgún nivel da ESO que, rematada a 3ª avaliación, de acordo cos criterios xa establecidos na Programación (véxase o epígrafe “Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de pendentes”), non acade o 5, e, polo tanto, non teña superada a materia, fará, antes da avaliación final:

- un ou máis modelos de exame similares aos que se traballaron xa ao longo do curso dentro do plan de recuperación de pendentes, cun peso dun 20% na nota da avaliación final.
- unha proba de recuperación, cun peso dun 80% na nota da avaliación final.

O alumno/a debe entregar ao seu profesor/a os modelos nas datas marcadas, e para a súa realización disporá da axuda do profesor/a que lle imparta actualmente a materia e do Xefe de Departamento, que terá dispoñible un recreo para este fin.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES PINO MANSO  
CURSO: 2º ESO  
MATERIA: ORATORIA  
DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ  
DATA: 08/04/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## 1. Criterios sobre a avaliación e cualificación

De acordo coa devandita *Orde do 25 de xaneiro de 2022*, non haberá na ESO convocatoria extraordinaria, senon unha 3ª avaliación e unha avaliación final.

O alumnado da ESO que, rematada a 3ª avaliación, non acade o 5 no curso de acordo cos criterios xa establecidos na Programación didáctica (véxase o epígrafe “Criterios sobre a avaliación, calificación e promoción do alumnado”), e, polo tanto, non teña superada a materia, fará, antes da avaliación final:

- unha práctica de expresión oral presencial, que computará un 50%.
- a realización dun vídeo no que o alumnado desenvolva estándares mínimos da materia, que computará un 20%.
- O 30% restante corresponderase coas calificacións de “Traballo diario” (15%) e “Comportamento e actitude” (15%) obtidas polo alumno/a ao longo do curso.

O alumnado que non acade o 5 na avaliación final terá a materia suspensa, e, en caso de promocionar, figurará como materia pendente o próximo curso.

## 2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)

Durante o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final desenvolveránse actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.

As actividades de apoio, reforzo e recuperación centraránse na preparación, mediante as indicacións e a supervisión da profesora, da práctica de expresión oral presencial e do vídeo, así como na súa posterior realización. As pautas para a preparación e a realización destas prácticas estarán dispoñibles na aula EDIXGAL, do cal se informará ás familias mediante ABALAR.

As actividades de ampliación adicaránse a profundizar nalgúns dos contidos traballados durante o curso ou a abordalos dende unha metodoloxía que fomente a autonomía na aprendizaxe e a creatividade por parte do alumnado. Estas actividades de ampliación serán avaliadas e poderán sumar ata un máximo de 0,5 puntos na nota final da avaliación ordinaria.

## **ALUMNADO CON *ORATORIA* PENDENTE**

Non hai no presente curso académico alumnado coa materia de Oratoria pendente.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES PINO MANSO  
CURSO: 1º E 2º DE BACHARELATO  
MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA  
DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ  
DATA: 08/04/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## 1º BACHARELATO

De acordo coa devandita *Orde do 25 de xaneiro de 2022*, “O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria”.

En 1º de Bacharelato, o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo dedicarase á preparación e realización das probas extraordinarias, e a actividades actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación. A cualificación desta avaliación final ordinaria calcularase tal e como está establecido xa na Programación, no epígrafe “Criterios sobre a avaliación, calificación e promoción do alumnado”. En caso de suspendela por non acadar o 5, deberá presentarse á proba extraordinaria, que consistirá nunha proba escrita sobre contidos mínimos reflectidos na programación.

As actividades de apoio, reforzo e recuperación centraránse nos estándares mínimos fixados na programación e traballados durante o curso. Prepararase un caderniño de actividades que atenda a estes estándares e que conteña exercicios que sirvan de preparación para o a proba extraordinaria. Dito caderniño estará dispoñible na aula virtual. As familias serán informadas mediante ABALAR da existencia deste caderniño e da súa dispoñibilidade na aula virtual. O alumnado coa materia suspensa adicará as sesións de clase á realización destas tarefas coa axuda e guía do profesor/a, así como ao plantexamento e a resolución de dúbidas. Se o considera adecuado, o profesor/a poderá establecer outras actividades ou exercicios ademáis dos formulados no caderniño, de cara á atención aos contidos cos que o alumnado teña máis dificultades. Ditas actividades estarán dispoñibles tamén na aula virtual.

As actividades de ampliación adicaránse a profundizar nalgúns dos contidos traballados durante o curso ou a abordalos dende unha metodoloxía que fomente a autonomía na aprendizaxe e a creatividade por parte do alumnado.



## 2º BACHARELATO

En 2º de Bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, se impartirán clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias, que serán probas escritas baseadas no modelo de exame das ABAU.

Deberá presentarse á proba extraordinaria quen non acade o 5 na avaliación final ordinaria. A cualificación desta avaliación final ordinaria calcularase tal e como está establecido xa na Programación (véxase o epígrafe “Criterios sobre a avaliación, calificación e promoción do alumnado”). O profesor/a poderá empregar tamén, como medida de apoio e reforzo, un caderno de actividades orientado a traballar exercicios propios dos exames das ABAU.

### **ALUMNADO CON *LINGUA CASTELÁ E LITERATURA* (1º BACHARELATO) PENDENTE**


O alumno/a con Lingua Castelá e Literatura de 1º de Bacharelato que, rematada a avaliación final ordinaria, de acordo cos criterios xa establecidos na Programación (véxase o epígrafe “Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de pendentes”), non acade o 5, e, polo tanto, non teña superada a materia, deberá presentarse a unha proba extraordinaria, que será de carácter escrito e versará sobre estándares mínimos deste nivel. Facilitaráselle asimesmo un modelo de exame que lle axude a preparar esta proba extraordinaria, para cuxa realización poderá contar coa axuda do profesor/a que lle imparta actualmente a materia e do Xefe de Departamento, que terá dispoñible un recreo para este fin.



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES PINO MANSO  
CURSO: 1º DE BACHARELATO  
MATERIA: LITERATURA UNIVERSAL  
DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ  
DATA: 08/04/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.



## **Criterios sobre a avaliación e cualificación**

De acordo coa devandita *Orde do 25 de xaneiro de 2022*, “O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria”.

En 1º de Bacharelato, o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo dedicarase á preparación e realización das probas extraordinarias, e a actividades actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación. A cualificación desta avaliación final ordinaria calcularase tal e como está establecido xa na Programación, no epígrafe “Criterios sobre a avaliación, calificación e promoción do alumnado”. En caso de suspendela por non acadar o 5, deberá presentarse á proba extraordinaria, que consistirá nunha proba escrita sobre estándares mínimos reflectidos na programación.

## **Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC**

As actividades de apoio, reforzo e recuperación centraránse nos estándares mínimos fixados na programación e traballados durante o curso. Prepararase un caderniño de actividades que atenda a estes estándares e que conteña exercicios que sirvan de preparación para o a proba extraordinaria. Dito caderniño estará dispoñible na aula virtual. As familias serán informadas mediante ABALAR da existencia deste caderniño e da súa dispoñibilidade na aula virtual. O alumnado coa materia suspensa adicará as sesións de clase á realización destas tarefas coa axuda e guía do profesor/a, así como ao plantexamento e a resolución de dúbidas. Se o considera adecuado, o profesor/a poderá establecer outras actividades ou exercicios ademais dos formulados no caderniño, de cara á atención aos contidos cos que o alumnado teña máis dificultades. Ditas actividades estarán dispoñibles tamén na aula virtual.

As actividades de ampliación adicaránse a profundizar nalgúns dos contidos traballados durante o curso ou a abordalos dende unha metodoloxía que fomente a autonomía na aprendizaxe e a creatividade por parte do alumnado.

## ALUMNADO CON *LITERATURA UNIVERSAL* PENDENTE

O alumno/a con Literatura Universal de 1º de Bacharelato que, rematada a avaliación final ordinaria, de acordo cos criterios xa establecidos na Programación (véxase o epígrafe “Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de pendentes”), non acade o 5, e, polo tanto, non teña superada a materia, deberá presentarse a unha proba extraordinaria, que será de carácter escrito e versará sobre estándares mínimos deste nivel. Facilitaráselle asimesmo un modelo de exame que lle axude a preparar esta proba extraordinaria, para cuxa realización poderá contar coa axuda do profesor/a que lle imparta actualmente a materia e do Xefe de Departamento, que terá dispoñible un recreo para este fin.

En todo caso, non hai, polo de agora, no presente curso académico, alumnado con esta materia pendente.